



dez imperdibles de Historiadoras



A novela gráfica *O Corpo de Cristo* (Bea Lema, 2025) incorpora o bordado no cómic, recuperando o téxtil como linguaxe de narración dende o feminino e o privado na Historia. O fio condutor é o amor entre unha nai e unha filla, amosando como a saúde mental, as supersticións e a psiquiatría condicionaron tanto os seus camiños como a súa relación. A obra foi galardoada co Premio Nacional de Cómic 2024.

— Andrea Rivas



A obra *La frecuente oscuridad de nuestros días* (Rebecca Donner, 2023) é o resultado dunha meticulosa investigación na que a través de cartas, diarios, documentos secretos e testemuñas de superviventes reconstrúese a historia de Mildred Harnack, antepasado da autora e figura clave da resistencia antinazi en Berlín.

— María Fernández



O ensaio *Mujeres y locura* (Phyllis Chesler, 2019) reflexiona sobre a histórica vinculación das mulleres coa enfermidade mental, a través da memoria de varias mulleres e dos discursos de feministas como a anarquista Emma Goldman.

— Noelia Valiño



O catálogo *Unha mirada de antano. Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia* (Afundación, 2009) ofrécenos a oportunidade de descubrir a obra desta fotógrafa e investigadora estadounidense no centenario da súa primeira viaxe á nosa terra e de achegarnos á vida das mulleres rurais nos anos vinte.

— Ana Cabana



O ensaio *Prehistorias de mujeres* (Marga Sánchez, 2022) cuestiona o rol adxudicado ás mulleres prehistóricas construído desde a mirada do “arqueólogo-home-contemporáneo”, aportando evidencias e empregando unha linguaxe divulgativa que fai a lectura moi amena.

— Noelia Parajuá



A obra *Señoras fuera de casa* (Raquel Sánchez, 2020) revisa a realidade social da España decimonónica, desmontando a idea do confinamento das mulleres no espazo doméstico. Explorando a politización e a profesionalización das “señoras” de clase media e alta, amosa como prepararon o terreo para sementar as primeiras defensas do sufraxio feminino a finais do XIX.

— Margarita Barral



A *Carta de Vera Zasúlich a Karl Marx* (1881) formula a pregunta de se é posible desenvolver o socialismo a partir da comuna rural rusa. Está dispoñible en acceso aberto e pode consultarse na obra *Karl Marx. Escritos sobre la comunidad ancestral* (2015, 175-176).

— Alba Díaz



A colectánea *Feminismo e identidades de género en Japón* (ed. Montserrat Crespín, 2021) aborda cun enfoque transdisciplinar a loita feminista iniciada a finais do século XIX por pensadoras e activistas do Xapón Meiji e Taishō, reactivada nos anos 60 e 70 polo movemento Uman Ribū.

— María Jesús Baz

O libro *Todos teríamos que ser feministas* (Chimamanda Ngozi Adichie, 2017) é un relato curto para tódolos públicos no que a novelista e dramaturga feminista nixeriana, con reminiscencias autobiográficas e a través de vivencias persoais nas que foi vítima de discriminación por razón de xénero, exhorta ao compromiso na loita por un feminismo non só feminino, senón integral da sociedade

— Tamara López



A serie *O tempo entre costuras* (2013), baseada na novela homónima (María Dueñas, 2009), cóntanos o periplo de Sira, unha modista que se ve envolta nunha trama de espionaxe na guerra civil e a IIGM, entre Madrid, Tánxer, Tetuán e Lisboa. Como tantas outras mulleres, desde o seu oficio de agulla aparentemente inofensivo, xogou un papel decisivo nun tempo convulso.

— Uxía Otero



COLABORA: GESUSA (Género, sustentabilidad y saberes rurales)



Profesoras e investigadoras do GI HISTAGRA, USC | Realización: Uxía Otero González e Ana Cabana Iglesia

Idea orixinal: Profesoras e investigadoras do Departamento de Historia, Teorías e Xeografías Políticas, UCM